

AS CIDADES SOÑADAS

Falarei de soños e cidades. Dos meus soños e das cidades que neles aparecen. Pero para lles propoñer unha vista a estas miñas xeografías, ao círculo mitolóxico propio, o das miñas obsesións, comezarei por falar de coordenadas e puntos cardinais. De coordenadas propias e doutra forma de ver os puntos cardinais, non das proxecións xeográficas que do mundo estamos acostumados a ter. Non teman, non vai ser nin unha disertación sobre a física da relatividade nin sobre topoloxía, nin tan sequera sobre metafísica oriental. Nada diso. Vai ser simplemente un paseo polas miñas obsesións, e falarei así de:

- a) As cidades Mandala, de estrutura volátil
- b) As cidades esteiro e a poeira azul que o cobre todo
- c) As cidades baluarte e as invasións bárbaras
- d) As cidades SF e o tráfico tridimensional.
- e) As cidades Compostela, refuxio de náufragos
- f) As cidades laranxa, dos soños multilingües
- g) As cidades Rayuela e as ensinanzas de Cortázar

Unha introdución sobre os puntos cardinais¹

Para falar de puntos cardinais e coordenadas, falarei antes aínda de xeometría. Contareilles que nos meus soños a xeometría é non-euclidiana, é dicir que non ten o punto e o plano como definidores de espazos e estruturas. Neles, os ángulos poden ser curvos e as estruturas fractais dominan o espellismo onde se moven as miñas coordenadas, a miña procura, o meu espazo propio, o espazo soñado e reinventado. Un espazo que ten no tempo unha variábel máis. O espazo como resultado das mutacións do tempo, na roda de permutacións do karma que nos ha achegar ao nirvana ou ao infinito do pregamento, a esencia da materia.

Para nos mover no mundo, para situarmonos, para orientar o noso itinerario persoal precisamos das coordenadas que nos definan o lugar onde se asentan as nosas vidas, e por extensión, os nosos soños que son, espero, parte integrante do noso discorrer. Vai a seguir a cuantificación das coordenadas segundo eu as vexo, nos soños e na vida, de unha a sete, onde me detiven abraiado pola inmensidade do mar. Esta enumeración non ten, porén, carácter restrictivo, de xeito que un pode mudar de coordenadas ao antollo, segundo lle gorente, nun continuo de introversión-extroversión altamente recomendábel.

Para os introvertidos, os puntos cardinais non existen, ou son simplemente un punto que sinala o seu propio centro, o centro do mundo, o refuxio onfálico, o terceiro ollo da iluminación budista, o embigo que os une a natureza, que reflicte a esencia das ideas.

Para os tortos de espírito, que non saben de niveis, pois ollan sempre para o chan, para eles os puntos cardinais son exclusivamente dous, que marcan as dimensión do plano onde se moven, medorentos a calquera intención de voar ou mergullar. Son, porén, seres liñais e sen moitos pregues, refuxiados no medo e nunha serie de conviccións aprendidas e nunca discutidas, de mantras revelados, que non resisten a máis mínima análise.

Para os xeómetras afeccionados e os constructores de estatísticas, o mundo ten tres dimensións, e, polo mesmo, tres puntos cardinais só, que marcan con precisión triaxial a localización no espazo. Todo se move nun xyz cartesiano, sen posibilidade de saírse da cuadrícula tridimensional.

Para a meirande parte de nós todos, educados timidamente como animais terrestres, os puntos cardinais son claramente catro, a saber, o Norte e o Sur, como puntos fixos nas

estremas do eixe da Terra, e o Leste e o Oeste, segundo se dirixa a ollada cara ao sol nacente ou ao solpor, nun planeta rutineiro que sempre xira no mesmo sentido.

Para os epicúreos de novo selo, os puntos cardinais son, coa mesma certeza, cinco. A saber, a vista, que permite contemplar as marabillas da natureza (seres humanos incluídos, de todas as cores posíbeis); o gusto, co que ben podemos apreciar sabores exóticos e cotiáns; o olfacto, tan sutil no seu refinamento malia que case atrofiado pola mestura de gases queimados que respiramos a cotío, o oído, revelador de sinais de axuda e de chamada, de músicas en todos os tons imaxinábeis e berros de desacougo ou de ledicia, de celebración ou de rexeitamento; e finalmente o tacto, o sentido máis nostálxico, que alivia os momentos de cegueira íntima.

Para os seres mariños (dos que quixera ser parte nun futuro, ou dos que se cadra sinto a chamada dos antepasados pulmonados), nados nas rías ou habitantes do océano mundo, os puntos cardinais son certamente seis, pois aos catro xa referidos para os animais terrestres, engádesse un terceiro eixe de referencia que vai dos fondos abisais onde habitan os peixes lanterna á superficie dos océanos, onde aboia placidamente o plancto.

Finalmente, para os navegantes (entre os que por tal me teño polos periplos pasados e futuros, verdadeiros ou falsos sexan eles), sete son os puntos de referencia, pois sete son os mares que sucara habemos para circunnavegar o mundo. Os que din océanos non admiten discusión: o Ártico das auroras boreais, o Antártico dos pingüíns e o continente xeadado; o Atlántico, que din agocha, no seu seo de simas e de cristas, múltiples cidades somerxidas; o Pacífico, onde Magalláns deixou de ser cunha lanza atravesándolle o peito, e finalmente o Índico, que sucaran os Waqwaq fuxindo da miseria ate chegar ás costas de África. Dos outros dous mares, que farían o total de sete, coido que o Mediterráneo é con seguridade un deles, polos mitos e lendas que nel se alimentan. O outro, se me permiten a manifestación de ignorancia, nunca souben se sería o Mar Negro, que ten na encrucillada cultural de Constantinopla a súa saída natural, o Báltico, que se pode camiñar nos invernos máis fríos, o Mar da China, inzado de xuncos e sampáns ou ven o Mar Vermello, onde entre fondos de coral, contan que Moisés abriu as augas coa axuda dun caxato. Permítanme que por lei ao meu señor Don Álvaro Cunqueiro, sexa fiel ás ondas do Mar Vermello, nas que o vello Sinbad navegou ou fabulou que navegaba, na procura da Illa das Cotovías.

Como poden imaxinar polo antedito teño a inmensa sorte de que as miñas coordenadas varíen segundo a percepción do día. Así podo ter días desnortados e días abisais, introvertidos ou mariñeiros, aboiar na superficie fluída ou desexar o sur como referente exótico, soñar cos ollos postos no sol nacente ou sentir o tacto agradábel da brisa chegada do poñente, escoitar a música das ondas do Mar de Vigo ou sentir a chamada das baleas do Pacífico, que un día me achegara prendida das ondas da escrita de Conrad ou Coloane.

Convíddolles de corazón a que muden de sistema de coordenadas tantas veces como o consideren de gusto, e sexan libres, e abertos a ritmos e expresións diversas. Velaquí a celebración dos cinco sentidos cardinais e dos tres eixes que delimitan formas e deseñan un espacio de liberdade. Velaquí a miña contribución, estas sete notas sobre os sete tipos de cidades soñadas, que espero que lles gusten de vez e lles abran as portas da percepción. Para que sexan felices. Para que sexan libres. Para que celebren como ben propio a liberdade dos outros. Para que sexan bos e xenerosos.

a) As cidades Mandala, de estrutura volátil

Inclúense nesta categoría as cidades que foron e xa non, aquelas que por circunstancias diversas de invasión, catástrofe ou endemia pestilente foran abandonadas polos seus habitantes, ben de xeito voluntario ou seguindo o comando dos seus gobernantes. Cidades somerxidas, soterradas pola area do deserto que avanza inexorábel, demediadas nas súas

estructuras pola acción dos terremotos ou invadidas pola ondas do mar desfeito. Troia, Cartago, Numancia, Sodoma, Gomorra, Pompeia, Machu-Pichu, Al-Andalus, Ayutthaya, as cidades que os xesuítas portuguesesⁱⁱ procuraron no Reino de Potente, na busca dos descendentes do Preste Xoán e que, por descontado, nunca atoparon, son, entre moitas outras que agora non acoden á memoria (cidades esquecidas), exemplos arquetípicos.

Chegan aos nosos soños dende os intrincados labirintos da memoria, por mor de noticias incertas ou achados accidentais e case nunca se atopan no lugar onde se di que existiron. En certa medida son as únicas cidades soñadas ás que nunca se chega, simplemente porque xa non son.

A súa procura se converte así nun intento condenado ao fracaso, como os de aqueles que buscaron “El Dorado” ou a Cidade dos Césaresⁱⁱⁱ, onde un sinte o salseiro do mar e o vento tirando de fóra, as correntadas e as travesías no mar maior, o rinchar dos estobos e o tacto dos chicotes, as gabias inzadas de vento e o mastro da maior esgallado polo furacán, o tremer do aparello e as sumacas soltando ferro, o bergantín metendo o pinchón no areal e o serviola descubriendo distancias, as sondas marcando o fondo de lama e de cuncheiras, as refoladas de espuma e os vagallóns atacando os costados e as amuras. Un sinte tamén a renartería dos indios e os ollos de aguia dos caciques, a traizón en cada ollada dos adiantados e as armaduras anacrónicas, os cabalos afundindo no sorrío e os carros ancorados na lameira, a humidade e as lesmas, a ferruxe nos arcabuces e a cutrería dos rescates, a fame roldando os campamentos e a tolemia colectiva, o fulgor esquizoide dos fuxidos e a desesperación dos que se meten na foresta na procura do descoñecido, do ouro soñado ou da comida que lles falta. Sentir que están hai, ao alcance da man, pero que non se poden acadar.

b) As cidades esteiro e a poeira azul que o cobre todo

Para que vexan de que lles estou a falar, vai a continuación un fragmento dun “traballo sen rematar aínda”, que espero que lles goren o espírito:

« Á cidade chegábase por auga e por auga había que partir. Era o mellor rumbo, ausente a posibilidade do aire por falta de instalacións, azaroso como era o camiño por terra de dunas móbiles e gándaras inmensas que constituían etapas sucesivas dun acceso infernal. Non se entendía moi ben como construíran unha cidade naquel lugar. Probablemente tempos difíciles de guerras e descubertas, de enfermidades importadas e grandes migracións. Se cadra aqueles accesos difíciles foran a mellor defensa, a mellor barreira contra as alternativas violentas da historia das revolucións. Automitoxia en estado puro. Se cadra por iso vivía na cidade do esteiro, lugar de encontros e desencontros, cruce de camiños vitais, porto de chegada e partida, cidade umbilical onde todo conflúe.

Por auga había que partir tamén, así que Bernabé tomou esta volta o camiño do Río cara ás minas de estaño que había augas arriba.”

Por se non me expliquei ben, trátase de cidades de arribada, onde se mesturan xentes de toda caste e condición, de toda orixe e de linguas mesturadas. Son como os esteiros dos ríos, que recollen todo o que o río vai traendo, sometidas, porén, a enchentes que deixan feridas inmensas e a acción do mar que domina o seu ser. Cidades de mestura e inestabilidade crecente, de ciclos e mutacións, as máis das veces megalópoles onde é difícil independizar unha cultura propia, onde todo e mestizaxe e fusión de culturas e de linguas. En certa medida, son as grandes cidades que temos hoxe, teñan elas río ou non, como Nova York e Sidney, Lagos e Buenos Aires, México DF e Barcelona, Londres e Tokio, Shangai e Nova Delhi, Bombai e París, Calcuta e Los Ángeles. Non importa tanto o tamaño como a mestura, non conta tanto a tradición como a construción dun futuro mestizo. Aparecen nos

meus soños regularmente, non en ván vivo nun concello onde hai rexistradas máis de cen nacionalidades diferentes e onde non é difícil escoitar polaco e italiano, croata e romanés, francés e flamengo, que son as linguas da terra, e alemán, e inglés convertido en lingua franca, suahili e bengalí, portugués coas múltiples variables do hemisferio sur, e galego, por descontado, e castelán de corda variada, e moitas linguas que non son quen de identificar.

c) As cidades baluarte e as invasións bárbaras

Tamén aquí lles presento un fragmento propio, para que vexan o que eu entendo por cidades baluarte:

“A Port-aux-Basques chégase por mar. Non é que non exista outra vía, pero o camiño das ondas é o mellor, inzadas como están de neve e de indios inhospitalarios as fragas que o encercan, delimitando o espazo urbano de fortaleza e factoría baleeira. Nas fragas están os caribús, os osos pardos de marcha plantígradas e unllas asasinas, o atranco da neve, das lagoas innúmeras e dos terreos sempre dados ás pucharcas e á enxurrada. No mar, pola contra, as feras máis temibles nos son outras cás xibartes, os golfiños, as focas e os galos de mar.

Polo mar chégase sempre logo de longa e demorada travesía, de sufrir mil e unha desfeitas no velame e nas forzas, sen folgos para outra cousa que arribar ás radas protectoras e ao aconchego dun fragmento da patria. É así, case sempre, unha arribada desexada, benquerida, de descanso e folganza^{iv}”

Como ven son cidades que se queren seguras das invasións inimigas, e por iso se emprazan en lugares de difícil acceso. Neste caso só accesíbeis por mar, pero noutros como o de Hue, que virá a continuación, pola importancia e altura das murallas que as arrodean, e noutras aínda, somerxidas no deserto e de difícil acceso, como é o caso de Petra^v, cidade enterrada nun deserto de pedra, no sur da Xordania.

Cidades que son como un mito, como un símbolo, como unha flor, tal como Hue^{vi}, de pasado rico e tumultuoso, protexida pola súas murallas impresionantes, bañada pola ribeira dereita do Río dos Perfumes, inzado de lotos, coa ponte da Vía Celeste, a Porta da Virtude Abraiante, o Palacio do Dragón que durme, o Estanque das augas de ouro... Vila imperial de 11 quilómetros de perímetro rodeada de muros de sete metros de alto e construída no emprazamento preciso que deseñaran os cosmólogos: preto do mar nun val fluvial rodeado de cinco montañas, que representan os cinco elementos e, protexida por unha pasaxe entre montañas, orientada norte-sur como di a regra que predi os destinos felices. Hoxe, logo de múltiples batallas e avatares, Hue é, malia a todas as previsións, a capital da melancolía.

Cidades que de tanto se protexer dos inimigos, remataron por ter os maiores inimigos nos complots internos.

d) As cidades SF e o tráfico tridimensional.

Trátase de cidades mutantes, non tanto porque nelas se movan con proverbial naturalidade seres doutros mundos ou mutacións adaptativas dos humanos tras do holocausto nuclear ou calquera catástrofe a escala global, andróides metade humanos, metade máquinas, como os que aparecen en Blade Runner, ou robots convertidos en lexión represiva. Digo que son mutantes, porque segundo avanza a tecnoloxía (e certo é que avanza a gran velocidade), os ecráns planos dos ordenadores, os teléfonos móbiles que envían arquivos fotográficos, o armamento láser, os visores nocturnos empregados polas forzas de represión, etc vanse quedando anticuados e xa non forman parte das cidades soñadas, senón das reais, xa non ciencia-ficción, senón realidade.

Así e todo, hai unha serie de características que as unen. En cada novela, en cada filme, todas elas son cidades de arribada nas que hai xentes de toda orixe e condición (o que as situaría tamén con propiedade na categoría de cidades do esteiro), ou son cidades-prisión, onde vivir é unha condena (o que as situaría na categoría de cidades baluarte). Pero o que realmente as define é o tráfico tridimensional (un fixo de calquera filme que se ocupe dunha cidade logo do 2050). Iso e un recorte importante das liberdades. Hai un control social estricto, un senfín de métodos para controlar ao detalle a vida dos cidadáns, como xa comeza a acontecer nas nosas, onde te poden rastrexar polas tarxetas de crédito, pero tamén polas operacións dos caixeiros automáticos, polas chamadas de móbil, polo consumo de electricidade e de auga, polos pagos no supermercado...

e) As cidades Compostela, refuxio de náufragos

Coido que foi Marco Polo, o que nas súas viaxes de comercio e descuberta na procura do reino de Cathay e do Imperio de Kublai Khan, dixo que na descrición de todas as cidades polas que ía pasando, había un algo de Venecia. Se non foi Marco Polo; poida que fose o admirado Italo Calvino, no seu insuperábel "As cidades invisibles", que xa me tardaba citar, referíndose a Marco Polo, que se non é o mesmo, por aí lle anda. A min, marcopoliano e soñador, acontéceme que en todas as cidades que visito encontro un fragmento de Compostela, a cidade onde nacín e á que sempre regreso, logo de múltiples periplos e recoñecidos naufraxios.

E é que cada cidade é unha e moitas ao mesmo tempo, todas teñen unha historia acamada en mil estratos, como milfollas temporal e só hai que rañar un pouco a codia que agora todo iguala, para ver as trazas do pasado, os lugares por onde pasaban os regatos que dan nome aos diferentes barrios, as pegadas que deixaron nos nomes das rúas os oficios que nelas abundaban, os bosques periféricos convertidos en parques, os eriais que se converteran en grandes quintanas de encontro, os cruces de camiños, as calzadas que saen en dirección doutros pobos e doutras xentes, os cais de arribada caso de haber mar...

f) As cidades laranxa, dos soños multilingües

Cando no medio dunha crise de malaria, sexa esta por mor das febres terciás ou polos excesos no desamor, alucinamos coas febres, daquela aparecen as nubes laranxa. Un preme nos ollos e de seguida expándese unha mancha laranxa que vai gañando terreo e o cubre todo. Un magma laranxa. Se cadra isto é o primeiro que chega da memoria: a epifanía dos labirintos das neuronas, o fulgor dos movementos por impulsos. Non sei. Non é ben fácil situar as percepcións cronoloxicamente, unha tras outra, tras outra, tras outra. Acoden de xeito desordenado, coma se fosen números cunha cadencia indescifrable. Moitas mensaxes ao tempo. Ao unísono. Unhas cabalgando sobre outras. As percepcións. O laranxa e os movementos por impulsos. E logo está a lingua na que se escoita, na que se fala, na que se percibe, a partir da que se constrúen imaxes que cabalgan, unha tras outra, tras outra, tras outra. No veo laranxa. No magma laranxa. No xel laranxa. ¿Que lingua? Non sabería dicir, unha mestura de galego antigo e xermánico percibido como lingua estraña, de latín recobrado dos labirintos da memoria e romances diversos, de árabe aprendido a contrapelo e chinés soñado, de sánscrito nebuloso e tibetano arrastrado na fuxida. Home. Arbeit. Sumum. Salam. Guanxi. Pomme. Carino. Hoshi-hoshi. Logo, unha verba chegada de lonxe, do fondo laranxa, do fondo da nube, dos pélagos do magma, que se move lento, nunha tectónica imperfecta, de burbullas e irisacións, de láminas sobre láminas, de buracos no xel que se pensaba continuo. Unha verba que pode ser Holem, ou Halam, ou mesmo Hokhim, ou se cadra Apsara, ou Upsara, ou mesmo Samsara^{vii}. Unha verba que non son quen de identificar. Unha verba para a que non teño imaxe. E mais verbas moles, atrapalladas, chegadas a través do funil da confusión, desordenadas e terribles. Amor. Campeí. Podias. Uskok. Xiuxi. Baba. Alepo. ¿Será laranxa a cor dos soños que non teñen

cor? ¿Será o síntoma primeiro da cegueira ou da luz, o alborexar dunha facultade nova, a de ver, a de percibir cos ollos, a de recoñecer imaxes, a de sentir que se está no centro dun universo?^{viii}

g) As cidades Rayuela e as ensinanzas de Cortázar

Cantas veces saímos pola cidade como asasinados de compases, sen rumbo fixo, na procura do fío de Ariadna que nos dea as claves do labirinto da cidade mandala, da cidade centro do mundo, da cidade refuxio umbilical, da cidade que é necesario reinventar para que sexa nosa.

Quen non se lembra do pobre Oliveira perdido no deseño labiríntico dun mandala, persuadido que xa mesmo unha simple folla dunha árbore, o extremo dun cordel recollido pola Sibila, pódennlle abrir a vía do coñecemento. Oliveira nun camiño de destrución, demolendo todo a seu paso, rexeitando todo: as mulleres, as cousas, o tempo, as vilas, E xa logo de liquidar todo o que liquidar quería, ter a esperanza de ter a oportunidade, nesa procura do centro, de reinventar a realidade.

Esa cidade que descubrimos cada día dentro da nosa cidade. Esas mil trazas doutras cidades coñecidas cando avanzamos cada día cara ao traballo coa resignación prendida no bambo do camiñar, pero cos ollos inzados de secretos, co automatismo do traxecto pautado, pero coa variábel permanente da canción que cantaruxamos con ledicia sen motivo aparente, coma se vivir non fose, meus, un motivo suficiente para comezar cada día cantando.

Epílogo

As cidades tipo referidas non representan senón unha serie de opcións persoais, recoñecendo eu outras variábeis como as cidades que mudan de nome e son a mesma e moitas outras, como Ourense, Ouréns, Auria, Serenon, A Cidade das Burgas,...ou as cidades que se forman como fusión doutras cidades. Non me resisto aquí a non citar a referencia que o viaxeiro Ibn Battutah fixo da cidade de Dili^{ix}: “A cidade de Dili é moi expandida e moi poboada, e constituída na actualidade pola fusión de catro cidades veciñas e contiguas. Unha delas é a propia cidade da que Dili recibe o seu nome; cidade construída polos infieis e capturada no ano de 1188. A segunda chámase Siri. A terceira recibe o nome de Tughluq Abad, que lle ven do seu fundador, o sultán Tughluq, pai do sultán da India, de cuxas posesións vimos.(...) A cuarta chámase Jahan Panah, e foi situada aparte como residencia do Sultán Muhammad Shah, o rei de toda a India, a cuxa corte acabamos de chegar. El foi o seu fundador, e foi a súa intención xuntar estas catro cidades no interior dunha muralla única, pero unha vez comezados os traballos, deixounos a medio facer, pola elevado custe da obra.”

Ata aquí o que lles quería contar hoxe. Sinto non ter nin o tempo nin o espazo para poder afondar máis (sinto tamén non ter os coñecementos, pero esas confesións raramente se fan). Quizais fun excesivamente ambicioso nos meus enfoques iniciais e deixei un sabor incompleto no padal e nos beizos por mor de me cingir á lonxitude requerida. Outro día, se cadra, se o tempo acompaña, podería contarlles outras cousas, do porque algunhas cidades son consideradas máis literarias que outras ou de como hai cidades sen esencia propia, que poderían estar en calquera lugar do mundo ou mesmo en ningún sen que ninguén as botase en falta, das futuras cidades somerxidas cando se consume a licuefacción dos casquetes polares, ou das cidades fantasma, que percio nun futuro mediato, que aparecen e desaparecen sen que se saiba como. Por hoxe, abonda. Que sexan felices e xenerosos e que comecen cada día cantando.

Xavier Queipo.
Bruxelas, cidade encantada, Outubro 2004

- i Unha versión deste apartado foi editada no ano 2003 no catálogo « Olladas oceánicas », publicado polo Museo do Mar de Galicia, en Vigo, como parte do traballo « Secretos do Mar prendidos tras dos ollos ».
- ii Les Portugais au Tibet. Les premiers relation jésuites (1624-1635), con relatos de Antonio de Andrade, Francisco de Azevedo, Estêvão Cacela e João Cabral. O libro foi publicado na súa versión francesa en París, por Edicións Chandeigne en 1996.
- iii Con este título precisamente, « A Cidade dos Césares », Víctor F. Freixanes argallou unha historia memorábel, que ten moito de « La Guerra del Fin del Mundo » de Vargas Llosa, de « La aventura equinoccial de Lope de Aguirre », de Ramón J. Sender, ou de « Los pasos perdidos » de Alejo Carpentier, por citar só tres. Unha reedición corrixida foi publicada en Vigo por Edicións Xerais de Galicia, no ano 2002.
- iv Fragmento de « O Paso do Noroeste », editado por Sotelo Blanco edicións, en 1996.
- v A cidade de Petra aparece nun dos filmes de Indiana Jones, é aquela cidade á que se accede logo de atravesar un desfiladeiro entre as rochas.
- vi Capitales Oubliees, Texto de Lucien Bodard e fotografías de Anne Garde, Les editions du demi-circle, Ministerie de la Culture et de la Francophonie, editado en Milan no 1994.
- vii En sánscrito, Śāmsara significa a beatitude total, mais tamén é o nome dunha cidade do Norte da India, camiño das montañas do Tibet.
- viii Fragmento de « Soño Laranxa », que vai ser publicado en breve por Galaxia no libro « Os ciclos do bambú »
- ix The travels of Ibn Battutah, editados por Tim Mackintosh-Smith, publicados por Pan MacMillan Ltd, Oxford 2002, 326 pp.